



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

ACORDOS DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA CATRO DE MARZO DE 2015.

PRESIDENTE

Sr. D. Luis Rubido Ramonde

CONCELLEIROS

Don Alfredo Vilela Santalla Don

Pablo Luis Nebril López

Don Juan Carlos Romero Beceiro

AUSENTES: SECRETARIO:

Don Iago Manuel Bermejo Varga

INTERVENTOR:

Don Jorge Manuel Vidal Zapatero

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Cedeira, ás trece horas e trinta minutos do día catro de marzo de dous mil quince, reúnese a Xunta de Goberno Local co obxecto de realizar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Sres./Sras. concelleiros/as que se relacionan á marxe, actuando como Secretario o titular da Corporación don Iago Manuel Bermejo Varga, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 113 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, para a válida realización das sesións da Xunta de Goberno Local, declara aberta esta, pasándose ó estudio e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

1.- APROBACION DAS ACTAS, SE PROCEDE, DOS DIAS 15.01.2015, 22.01.2015, 28.01.2015 E 25.02.2015

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do R.O.F. a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ás actas das sesións realizadas nas data 15.01.2015, 22.01.2015, 28.01.2015 e 25.02.2015 e ao non producirse ningunha por parte dos membros da Xunta de Goberno Local, a Presidencia somete a votación ordinaria a súa aprobación, resultando aprobadas por unanimidade dos Sres. Concelleiros presentes.

2.- COMUNICACION PREVIA 2015/U009/000013

Acordos adoptados:

1.- Tomar coñecemento das obras de peche de balcóns, suxeitas ás condicións do informe técnico do Arquitecto técnico municipal de data 26.02.2015.

2.- Advertir á promotora que, para a inspección municipal, deberá de ter a disposición dos técnicos municipais o impreso rexistrado de comunicación previa e facilitará ó acceso ó local para a inspección da obra.

3.- A toma de coñecemento non é unha autorización administrativa para exercer unha actividade senón un medio para que a administración coñeza a existencia da dita actuación e posibilitar o control posterior, distinto da facultade de inspección ordinaria, mediante as oportunas actuacións administrativas.

4.- As comunicacións previas producirán efectos entre o concello e o suxeito a cuxa actuación se refiran, pero non alterarán as situacións xurídicas privadas entre este e as demais persoas.

5.- As comunicacións previas producirán os efectos que determinen en cada caso a lexislación correspondente, a ordenanza e demais normativa municipal, e permitirán con carácter xeral o recoñecemento ou exercicio dun dereito, sen prexuízo das facultades de comprobación, control e inspección que teña atribuída a Administración urbanística competente.

6.- A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achegue ou incorpore a unha comunicación previa, ou a non presentación ante a administración competente da comunicación previa, determinará, trala audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou da actividade afectada dende o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbese lugar e das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

Asemade, a resolución administrativa que declare tales circunstancias comportará o inicio das correspondentes actuacións e a esixencia de responsabilidades e poderá determinar a obriga da persoa interesada de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado entre tres meses e un ano, todo elo de conformidade co establecido nas normas sectoriais de aplicación.

7.- As obras e actividades comunicadas realizaranse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

3.- LICENZA OBRA MAIOR EXPTE 2014/U008/000014

Acordos adoptados:

1º) Conceder, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, a licenza municipal de obra maior de demolición parcial e adecuación ó ordenamento urbanístico de vivenda unifamiliar adosada, coas seguintes condicións:

- Deberá aportar, antes do inicio das obras, os seguintes planos, co preceptivo visado colexial:
 - DM2.2 Demolicións en plantas
 - EC2.2 Emprazamento
 - EP4.1 Estado Proxectado. Alzados e seccións
- Deberá aportar, antes do inicio das obras, os nomeamentos da Dirección de obra do Arquitecto e do aparelador, visados en Colexio Profesional
- Deberá proceder a execución simultánea da urbanización precisa
- Prazo de inicio das obras (improrrogable): 1 mes
- Prazo de completa finalización das obras (improrrogable): 12 meses

2º) As obras executaranse de acordo co proxecto autorizado no encabezamento.

3º) Sendo o prazo concedido para o inicio das obras, improrrogable de 1 mes, e o prazo para a súa completa finalización, improrrogable de 12 meses, déixase sen efecto o punto 15 do anexo de condicións xerais das licenzas de obras maiores, aprobadas pola Xunta de Goberno Local de data 25.09.2007. O incumprimento destes prazos, dará lugar á caducidade da licenza, conforme o previsto no art. 197 da Lei 9/2002.

4º) Advertir ó propietario ou promotor que, unha vez rematadas as obras, deberá comunicar ó Concello este feito e presentar perante a Xerencia Territorial do Centro de Xestión Catastral e Cooperación Tributario ou neste Concello que, á súa vez, remitirá a esta a documentación que cumpra segundo a lexislación vixente para a alta da vivenda no Catastro de Bens Inmóbiles de Natureza Urbana.

De conformidade co disposto no artigo 4.2 da Ordenanza fiscal reguladora do imposto de construcións, obras e instalacións, deberá presentar a autoliquidación do referido imposto no prazo de un mes a contar desde a recepción da notificación do presente acordo, a autoliquidación que terá carácter provisional.

5º) Que se dilixencie o proxecto técnico obxecto desta licenza e os planos que se refiran ás condicións urbanísticas.

6º) Incluir na notificación do acordo as condicións xerais da licenza aprobadas na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o 25 de setembro de 2007.

7º) Dar traslado do presente acordo ó Xulgado Contencioso-Administrativo Nº 1 de Ferrol para a súa constancia no procedemento "Ejecución de Títulos Judiciales 0000001/2010 dinamante do procedemento ordinario 0000238/2002".

4.- LICENZA OBRA MAIOR EXPTE 2015/U008/000004

Acordos adoptados:



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

1º) Conceder, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, a licenza municipal de obra maior solicitada.

2º) As obras executaranse de acordo co proxecto autorizado no encabezamento. A presente licenza concédese coas condicións citadas no informe técnico de data 23.02.2015.

3º) A eficacia de esta licenza queda condicionada a que, no caso de que no encabezamento de este informe se establezca a obriga de cesión de viais, polo interesado se asine no prazo de un mes a contar desde a recepción da notificación do presente acordo Acta de Cesión de Viais acompañada de plano no que se reflecta a mesma.

4º) Advertir ó propietario ou promotor que, unha vez rematadas as obras, deberá comunicar ó Concello este feito e presentar perante a Xerencia Territorial do Centro de Xestión Catastral e Cooperación Tributario ou neste Concello que, á súa vez, remitirá a esta a documentación que cumpra segundo a lexislación vixente para a alta da vivenda no Catastro de Bens Inmóveis de Natureza Urbana.

De conformidade co disposto no artigo 4.2 da Ordenanza fiscal reguladora do imposto de construcións, obras e instalacións, deberá presentar a autoliquidación do referido imposto no prazo de un mes a contar desde a recepción da notificación do presente acordo, a autoliquidación que terá carácter provisional.

5º) Que se dilixencie o proxecto técnico obxecto desta licenza e os planos que se refiran ás condicións urbanísticas.

6º) Incluir na notificación do acordo as condicións xerais da licenza aprobadas na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o 25 de setembro de 2007.

5.- APROBACION DE FACTURAS

Acordos adoptados:

PRIMEIRO.-Autorizar e dispoñer os gastos que se relacionan de seguido, e recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes, xuntando nun so acto as tres fases de execución do gasto a que se refire o artigo 67.1.b) do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, prestar aprobación ás facturas e os xustificantes que se citan, ordear o pago e que pola Tesourería Municipal se proceda o seu pagamento e contabilización con cargo ás partidas orzamentarias que se indican:

Nº de rex.	Data factura	Texto Explicativo	Programa	Económico	Importe Total
F/2015/107	19/02/2015	FRA. 163 LIQUIDACION POR LIMPIEZA DE TEJADOS Y CANALONES DEL COLEGIO DE EGB Y OTROS TRABAJOS REALIZADOS	3232	21200	3.630,00 €



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

F/2015/108	19/02/2015	FRA 669 SUMIN. VARIOS Y HORAS DE MANO DE OBRA PARA ARREGLO DE PUERTAS DE MADERA EN COLEGIO DE PIÑEIRO	920	22799	804,65 €
F/2015/109	01/02/2014	FRA 003/2014-A ACT. COMPAÑIA OS CONTOS DE PABLISIMO EN CEDEIRA O 01-02-2015 (40%) ESPECT. CONTOS SOBREMESA	3321	22799	290,00 €
F/2015/110	30/01/2015	FRA CED01 LIQUIDACIÓN SERVICIOS COMUNICACIÓN DEL AYUNTAMIENTO DE CEDEIRA MES DE ENERO DE 2015	912	22799	321,86 €
F/2015/111	15/02/2015	FRA 12/H SUMINISTR O DE SEIS M-200 PARA OBRA PLAZA ROJA	450	22199	471,90 €
F/2015/112	15/02/2015	FRA 8/C SUMINISTR O DE CINCO TAPAS ALCANTARI LLADO DE FUNDICION DE 60	450	22199	280,78 €
F/2015/114	15/02/2015	FRA 1 FACTURACION POR LIMPIEZA DE TALUD Y RETIRADA DE ARBOL CAIDO	450	20300	1.287,44 €
F/2015/115	19/02/2015	FRA 28 LIQUID. POR INSTALACIÓN DE CUADROS ELEÉCTRICOS CON MOTIVO DE LAS FIESTAS DE CARNAVAL 2015	334	22710	605,00 €
F/2015/120	20/02/2015	FRA 15/146 SUMINISTR O DE AFICHES Y GUIAS OPERACION CACAHUET E	334	22710	239,58 €
Importe Total					7.931,21 €

TOTAL FACTURAS: 7.931,21 €



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06
C.I.F.: P-1502200-G

SEGUNDO.- No caso das facturas de gastos subvencionables declarar cumprida a finalidade para a cal foi concedida e dos requisitos sinalados nas bases reguladoras.

6.- PROPOSTA ANULACION RECIBOS LIXO Nº 10.2015

Acordos adoptados:

PRIMEIRO. ESTIMAR a reclamación do interesado e dar de BAIXA o seguinte rexistro no Padrón de Residuos Sólidos dende o exercicio 2014:

Nº FIXO	ID VALOR	ENDEREZO TRIBUTARIO	EXERCICIO	COTA
253000647780	6548910NJ7364N0025FQ	AV. AREA	2014	63,00 €

SEGUNDO. ANULAR o seguinte recibo, por non ser correcto o suxeito pasivo:

Nº FIXO	ID VALOR	ENDEREZO TRIBUTARIO	EXERCICIO	COTA
253000647780	20143515022RL01R001235	AV. AREA	2014	63,00 €

TERCEIRO. APROBAR a liquidación que se sinala a continuación. A liquidación servirá tamén de notificación da alta inicial no padrón de residuos sólidos urbanos. A alta terá efectos ata que se produza a baixa definitiva no padrón respectivo, logo de que se acrediten as circunstancias que a provoquen.

Nº FIXO	253000647780	EXERCICIO	Nº	COTA
		2014	L30200.001124	63,00 €

CUARTO. COMUNICAR estes acordos á Excm. Deputación Provincial da Coruña para o seu coñecemento e a tramitación oportunos.

7.- PROPOSTA ANULACION RECIBOS LIXO Nº11.2015

Acordos adoptados:

PRIMEIRO. ESTIMAR a reclamación do interesado e dar de BAIXA o seguinte rexistro no Padrón de Residuos Sólidos dende o exercicio 2014:

Nº FIXO	ID VALOR	ENDEREZO TRIBUTARIO	COTA (€)
253000642493	001400200NJ73B0001TJ	LG EDREIROS	47,00 €

SEGUNDO. ANULAR o seguinte recibo, por non ser correcto o obxecto tributario:

Nº FIXO	ID VALOR	ENDEREZO TRIBUTARIO	EXERCICIO	COTA (€)
---------	----------	---------------------	-----------	----------



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

253000642493	20143515022RL01R002369	LG EDREIROS	2014	47,00
--------------	------------------------	-------------	------	-------

TERCEIRO. COMUNICAR estes acordos á Excm. Deputación Provincial da Coruña para o seu coñecemento e a tramitación oportunos."

8.- PROPOSTA ANULACION RECIBOS LIXO Nº 12.2015

Acordos adoptados:

PRIMEIRO. MODIFICAR o rexistro padronal con número fixo 253000645424 con efectos dende o exercicio 2014. Quedando como segue:

Nº FIXO	ID VALOR	ENDEREZO TRIBUTARIO	COTA (€)
253000645424	15022A501016860001IT	LG REGUEIRO, CEDEIRA	47,00

SEGUNDO. ANULACIÓN do seguinte recibo por non ser correcto o suxeito pasivo.

Nº FIXO	ID VALOR	ENDEREZO TRIBUTARIO	EXERCICIO	COTA (€)
253000645424	20143515022RL01R003051	LG REGUEIRO, CEDEIRA	2014	47,00

TERCEIRO. APROBAR a liquidación que se sinala a continuación. A liquidación servirá tamén de notificación da alta inicial no padrón de residuos sólidos urbanos. A alta terá efectos ata que se produza a baixa definitiva no padrón respectivo, logo de que se acrediten as circunstancias que a provoquen.

Nº FIXO	253000645424	EXERCICIO	Nº LIQUIDACIÓN	COTA
		2014	L30200.001125	47,00 €

CUARTO. COMUNICAR estes acordos á Excm. Deputación Provincial da Coruña para o seu coñecemento e a tramitación oportunos.

9.- CONTRATO MENOR PARA ADQUISICION DE ARBORES ORNAMENTAIS

Acordos adoptados:

1º.- Declarar a conformidade coa oferta presentada por AGRO-FERROL, S.L. con data 20.02.2015.

2º.- Aprobar o gasto e adjudicar a AGRO-FLOR, S.L., con CIF núm. B15362700, mediante un contrato menor, a adjudicación das árbores citadas no presuposto presentado con data 20.02.2015 e polo importe total de 1.524,60 euros (IVE incluído).

3º.- Notificar a presente resolución ao adxudicatario.

4º.- Dar traslado da presente resolución aos servizos municipais de Tesourería e Intervención; así como ao de Contratación.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

10.- ASUNTOS VARIOS

Non hai

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás catorce horas e quince minutos do expresado día.